

MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

2020

O Departamento de Lingua Galega, denominado así desde 1997, está dotado cun único posto estable desde 1992, unha técnica de normalización lingüística cun contrato laboral fixo. Desde 2018 conta co reforzo dunha segunda técnica, funcionaria interina, para o programa Apego.

A actividade que se realiza devén do previsto no Regulamento de uso do galego na Administración Municipal de Santiago de Compostela, que sinala:

Art. 16. O servizo municipal de normalización lingüística programará e coordinará as accións necesarias para dar cumprimento ao espírito que aniña neste regulamento.

Alén disto, tanto o Plan de normalización lingüística municipal (2002) como o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado polo Parlamento galego en 2004, ao abeiro da Lei de normalización lingüística e demais normativa ao respecto, establecen directrices e priorizan sectores para a intervención en prol do uso social da lingua galega, que é o obxectivo do departamento.

Para avaliar convenientemente a actividade do exercicio 2020 deben terse en conta as especiais circunstancias provocadas pola pandemia que obrigaron a suspender ou modificar moita da programación prevista. Malia todo, o Departamento de Lingua non interrompeu en ningún momento a actividade, aproveitando todos os recursos virtuais dispoñibles, e guiouse polo criterio de realizar e recuperar todas as accións posibles, mudando no necesario os formatos ou vías de difusión.

A principal canle para coñecer os diferentes programas do departamento é a web <http://delingua.santiagodecompostela.gal>, onde se foi dando conta de maneira resumida de convocatorias ou novas ao respecto. Complétase, asemade, coa rede social Facebook (<https://www.facebook.com/linguagalegasantiagodecompostela/>), cunha media de catro publicacións semanais sobre actividade propia e outros recursos ou novas de interese, e coas webs e redes sociais específicas con que contan algúns programas (Apego, Youtubeir@s, Enrguéifate, Galegoempresas, Premios Manuel Beiras, Coidar para mellorar, fundamentalmente).

Varios dos programas desenvólvense de xeito colaborativo con outros concellos e institucións, co fin de ampliar o seu alcance e aproveitar con maior eficiencia os recursos dispoñibles. Con esta mesma finalidade promovemos a creación de Alingua (Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega), de cuxa directiva formamos parte durante este primeiro ano de andaina da entidade.

Inclúese, logo desta introdución, un cadro que reflicte a actividade como centro xestor de gasto e encargado das tarefas asociadas á tramitación administrativa dos expedientes e a seguir unha ficha resumo de cada programa.

Programa	Operacións	Cantidades executadas en €	Total executado por programa en €
Acollemento lingüístico	Dúas edicións de obradoiros para adultos e unha para nenos (3 operacións)	6 117,00	6 117,00
Apego	Contrato menor para o servizo de deseño de 5 números dun folleto periódico de programación LG01	7 502,00	57491,71
	Distribución de folletos	Anulado	
	Contrato menor para o servizo de atención e dinamización dun espazo Apego LG02	11 029,58	
	Contrato menor para un servizo de intervención artística e produción do programa Martes de contos no parque LG08	7 792,40	
	Intervencións artísticas no Espazo Apego (7 operacións)	6 106,90	
	Contrato menor para o servizo de produción do Festival do Apego LG11	15 754,20	
	Contrato menor para o servizo de dirección artística e contidos. Festival do Apego LG12	12 634,74	
	Material non inventariable para o Espazo Apego (4 operacións)	1 284,75	
	Comunidade do local do Espazo Apego (4 meses)	332,04	
	Deseño dunha bandeirola de sinalización	544,50	
Conto viaxeiro	Contrato menor para o desenvolvemento da actividade LG07	Anulado	
Territorio xogantín	Contrato menor para o servizo de dinamización do programa LG07	6 037,90	6 307,90
Club de Debate	Contrato menor para o servizo de preparación e organización da final do Club de Debate (anulado en parte)	1 785,46	1 785,46
Youtubeiras	Contrato menor para o servizo de implementación do programa Youtubeiras LG06	4 235,00	4 235,00
Enreguéfate	Gasto menor para a xestión do certame	2 135,48	2 135,48
Fotolingua	Contrato menor para o servizo de xestión e difusión en redes LG05	5 814,05	5 814,00
Coidar para mellorar	Cheques de consultoría	9 343,62	22 312,08
	Subvencións	12 968,46	
Premios Manuel Beiras	Contrato menor para o servizo de deseño e execución da campaña divulgativa LG09	8 405,87	18 993,37
	Servizo de coordinación, produción técnica e artística e emisión do evento de entrega LG10	10 587,5	
Correlingua	Subvención nominativa	Anulado	
Total programas			125 192

Programa	Asesoramento lingüístico
Sector	Administración municipal Sociedade
Difusión	Correo electrónico e teléfono
Obxectivos	Ofrecer un servizo de información sobre calquera cuestión relacionada co idioma. Facilitar apoio para a produción en galego. Mellorar a calidade dos textos.
Descrición	Corrección de textos Tradución Resolución de dúbidas Elaboración de modelos de documentos Difusión de recursos e materiais de apoio lingüístico
Actividade 2020	<p>Tratáronse un total de 397 444 palabras que, a razón de 300 palabras por páxina, supoñen unhas 1325 páxinas [Pode equipararse a unhas 662 horas (600 palabras/hora) ou 15 897 € (0.04 €/palabra)]</p> <p>Non temos contabilizadas as consultas resoltas por teléfono ou correo electrónico.</p> <p>Os textos revisados acompañanse con notas complementarias para que as persoas usuarias deste servizo vaian mellorando as súas competencias e coñecendo recursos.</p> <p>Elabórouse un borrador de normas de estilo para a documentación que se incorpore á administración electrónica.</p> <p>Formulamos unha proposta de curso en liña para mellorar a calidade da lingua escrita na administración e preparamos boa parte do seu contido para ser administrado a través dunha plataforma de acceso gratuíto. Non chegou a impartirse ao non ser aceptado o uso da plataforma.</p>

Programa	Acollemento lingüístico
Sector	Poboación xeral
Difusión	<p>Web do departamento. Correos electrónicos a persoas que manifestaron interese. Información a través da UAMI</p> <p>http://delingua.santiagodecompostela.gal/acollemento-ling%C3%BC%C3%ADstico http://delingua.santiagodecompostela.gal/acollemento-ling%C3%BC%C3%ADstico-nova-convocatoria http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id_nova=19478&lg=gal http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id_nova=19946&lg=gal</p>
Obxectivos	Facilitar destrezas básicas para a comprensión oral e escrita e un coñecemento inicial do contexto cultural e de aspectos prácticos como a estrutura administrativa ou os recursos ao dispor das persoas que veñen vivir á nosa comunidade.
Descrición	<p>Obradoiros presenciais para persoas adultas que proceden doutras comunidades para facilitarlles un primeiro achegamento ao galego.</p> <p>Realízanse no Espazo Apego.</p>
Actividade 2020	<p>I edición: 30 horas, entre o 8 de xuño e o 21 de setembro, os luns de 17 a 19 h. Incluía unha oferta infantil paralela (+3 anos) para facilitar a asistencia de pais e nais. Anotáronse 25 persoas e lograron rematalo 11. Foi inicialmente programado para comezar en marzo e adiado ata xuño polo confinamento.</p> <p>II edición: 36 horas, entre o 13 de outubro e o 15 de decembro, martes e xoves de 10.30 a 12.30 h. Anotáronse 16 persoas e completaron a asistencia 10.</p>

Programa	Apego
Sector	Primeira infancia (0-6 anos) (familias)
Difusión	<p>Presencial (entrevistas ás familias que desexan adherirse ao programa) Correo electrónico (información ás familias adheridas) Web propia: www.apego.gal Web xeral do departamento: http://delingua.santiagodecompostela.gal Páxina de Facebook: www.facebook.com/apego.gal Material impreso (carteis e folletos en espazos relacionados coa infancia)</p>
Obxectivos	Incrementar a porcentaxe de nenos e nenas que adquiren o galego como lingua inicial e promover que o usen de maneira habitual
Descrición	<p>Programa organizado en colaboración con outros concellos que inclúe:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Atención á comunidade usuaria: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Acollemento inicial nunha entrevista con cada unha das familias interesadas (información sobre o programa, argumentos a prol do uso do galego como lingua inicial, entrega do material de acollida –caixa e cd-, información sobre recursos dispoñibles, inscrición, recollida de información sociolingüística). ▪ Envío de correos electrónicos periódicos para dar conta de novos recursos e das actividades que se organizan para a socialización en galego. ○ Mantemento espazos de información e divulgación de argumentos, recursos e actividades: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Páxinas do programa en colaboración co resto dos concellos: www.apego.gal www.facebook.com/apego.gal ▪ Folleto periódico coa programación infantil en galego que ofrece o Concello (microsite activo ata outubro). apego.santiagodecompostela.gal ▪ Folleto periódico coa programación do Apego que ofrece o Concello www.delingua.santiagodecompostela.gal ○ Creación e localización de recursos para a crianza e a socialización en galego. ○ Programación de actividades lúdicas, educativas e culturais para facilitar a socialización en galego dos nenos e nenas (Espazo Apego) ○ Formación sobre recursos para persoas educadoras.
Actividade 2020	Atención á comunidade usuaria:

Durante o ano 2020 inscribíronse 44 novas familias, 23 delas achegáronse ao Departamento de Lingua Galega para facer a entrevista e recoller o material de benvida.

Durante os meses de confinamento (de marzo a maio) estiveron suspendidas as entrevistas presenciais.

Número total de familias inscritas ao remate de 2020: 512.

Recursos:

Propostas lúdido-didácticas para as familias incluídas no folleto de actividades:

- Origami da “casa” do Apego
- Tarxetas de ioga
- Tarxetas de emocións
- Proposta amable para recoller os xoguetes

Vídeo do Festival do Apego.

Bits de intelixencia sobre alimentación e obxectos cotiáns

Receita para festexar o Samaín

Tarxeta para redes sobre o Día da Infancia

Actividades:

Xaneiro: 30/01/20. “Arrollos de salitre” con Faia Díaz e Guillerme Fernández no CSC do Ensanche. 0-3 anos. Dúas sesións con 31 familias inscritas.

Febreiro: 15/02/20. “Té, chocolate e café” cos Golfinhos no CSC de Santa Marta. 1-6 anos. Participaron máis de 150 persoas.

Marzo: actividades suspendidas

Abril: actividades suspendidas

Maio: actividades suspendidas

Xuño a decembro, agás agosto: actividades continuadas no **Espazo Apego**

- **Martes: Tardes de contos** (0-3 anos). 131 persoas inscritas con desigual reparto. Durante os meses de xuño e xullo houbo días cunha media de 14 participantes, logo foise rebaixando a asistencia, quizais debido á restrición de movementos no propio espazo que resulta dificultosa para as crianzas máis pequenas.
- **Mércores: A familia vai á escoliña.** Obradoiros e charlas educativas para familias que están criando nenas e nenos de 0 a 6 anos. A asistencia foi desigual dependendo do tipo de actividade que se propuxo. Tiveron máis éxito os obradoiros con participación das crianzas e houbo algúns sen inscrición, coincidindo co segundo pico da pandemia. Participantes totais: 130

10/06/20 “Seguridade viaria: a contramarcha”.

17/06/20 “Obradoiro de coleo”

01/07/20 "Masaxe e xogo sensorial"
15/07/20 "A exploración libre para as crianzas".
22/07/20 "O son da auga"
29/07/20 "O xogo libre e o material non estruturado"
02/09/20 "Construíndo minimundos"
09/09/20 "Masaxe e xogo sensorial"
16/09/20 "Abrindo camiño: a sexualidade infantil"
23/09/20 "O apoio á lactación materna"
30/09/20 "A exploración libre"
07/10/20 "O xogo libre"
14/10/20 "Medrar en igualdade"
21/10/20 "O programa Apego"
28/10/20 "A vaca Paca: un conto sobre a enfermidade celíaca"
04/11/20 "As vacinas nas crianzas"
11/11/20 "Saúde: demanda e necesidade na crianza"
18/11/20 "Hábitos saudables na infancia" (0-6 anos)
25/11/20 "Contando en igualdade" (3-6 anos)
02/12/20 "Construíndo minimundos" (2-6 anos)
09/12/20 "Bebés e familia" (0-3 anos)
16/12/20 "Iluminando o Nadal" (3-6 anos)
23/12/20 "Estilos de aprendizaxe" (0-3 anos)

- Xoves: **Os xoves función / Enredando.** De xeito alterno programáronse diversos espectáculos e obradoiros de xogos.

Nos días dos obradoiros Enredando houbo 31 inscricións cunha media de 6 persoas por día.

Nos xoves de función a demanda foi alta (417 inscricións) e superou o número de prazas dispoñibles (20 en cada función) polo que a asistencia limitouse a 338 persoas.

04/06/20 "Carabuñas" con Susana Penabad (+ 3 anos)
11/06/20 "Saaabor!!" con Fran Rei e Félix Rodríguez (+ 3 anos)
25/06/20 "O conto de Barriga Verde" con Fran Rei (+ 3 anos)
09/07/20 "Arrolos e colos musicais" con Leticia Falcón (0-4 anos)
23/07/20 "Un bico para Alí" con Fabaloba e Luís Prego (0-6 anos)
03/09/20 "A estimulación musical temperá" con Leticia Falcón (3-6 anos)
17/09/20 "Cantacontos para bebés" con Pablo Díaz (0-4 anos)
24/09/20 "Nano vai á escola" con Raquel Queizás (0-4 anos)
01/10/20 "Contando números, cantando cores" con Pablo Díaz (3-6 anos)
15/10/20 "O xogo de Nano" con Raquel Queizás (0-4 anos)
29/10/20 "Brinca vai!" con Paco Nogueiras (+ 3 anos)
12/11/20 "O magosto con Nano" con Raquel Queizás (0-4 anos)
26/11/20 "Nano ten diabetes" con Raquel Queizás" (0-4 anos)
03/12/20 "O mar do Apego" con Fabaloba e Luís Prego (0-6 anos)
10/12/20 "O capitán Garfo" con Saúl System (3-6 anos)
17/12/20 "O agasallo das árbores" con Cris de Caldas (3-6 anos)
28/12/20 "Contar co vento" con María da Pontraghá (+ 3 anos)
29/12/20 "Corochas" con Xarope Tulú (0-3 anos)
30/12/20 "Percubebés" con Percubebés (0-3 anos)

- Venres: **Xogos de palabras** (3-6 anos). 116 persoas inscritas.

Agosto: **Martes de contos no parque de Bonaval**. Todas as funcións completaron a capacidade máxima admitida (100 persoas por función, total 400 persoas) e mesmo quen non conseguiu praza quedou por fóra do perímetro para poder escoitar o conto.

04/08/20. "Bailar nas nubes" con Sole Felloza (0 - 6 anos)

11/08/20. "Elas tres (a nai, a nena, a bruxa) e..." con Paula Carballeira (0 - 6 anos)

01/09/20 (reprogramado por choiva). "Contos a pé de rúa" con Caxoto (0 - 6 anos)

25/08/20. "As lembranzas de Carolina" con Isa Herrero e Raquel Cendán (2 - 7 anos)

Decembro: 28/12/20. **Festival do Apego** no Auditorio de Galicia. Espectáculo escénico e musical dunha hora de duración, coa participación de dez propostas referentes do panorama artístico para público infantil, conducidas por unha presentadora (0 - 6 anos). Retransmitiuse en directo polas redes. Distribuíronse 200 entradas para a versión presencial (asistiron finalmente unhas 160 persoas) e a versión en streaming tivo 944 visualizacións no propio día do evento.

Participaron os seguintes artistas:

- Magín Blanco con María Faltri e Jorge Juncal
- Pablísimo
- Golfiños
- AldaoLado
- Anxo Moure-Apalpador
- Xarope Tulú
- Pakolas e Laura Romero
- Pablo Díaz
- Mamá Cabra
- Iria Pinheiro
- Fantoques Baj

Difusión:

Editáronse cinco números dos folletos de actividades (marzo-abril /xuño /xullo-agosto/ setembro-outubro /novembro-decembro), mais o primeiro non chegou a distribuírse pola paralización da actividade.

Enviáronse correos ás familias para dar conta de cada un dos folletos periódicos de actividades, dos novos recursos e da programación especial de agosto e do festival.

Mantívose actualizada a información sobre todas as actividades na web do Apego, www.apego.gal, e na do Departamento de Lingua, <http://delingua.santiagodecompostela.gal>, tanto a través de novas como de fichas por actividade.

A páxina de Facebook do Apego deu conta de toda a programación local e tamén contribuíu a fornecer de recursos e información ás familias en xeral. Dos aproximadamente 300 post

publicados entre todos os concellos parceiros, o Departamento de Lingua foi responsable dun terzo.

Igualmente, o Apego tivo unha presenza activa na páxina de Facebook do Departamento de Lingua. Das 226 publicacións, dedicáronse a este programa unhas 40.

Espazo Apego:

Neste ano logramos abrir o espazo asignado no local municipal da rúa da República do Salvador, 12, malia o retraso que se produciu polas restricións da pandemia.

Realizáronse xestións para ir dotándoo do máis imprescindible para acoller actividades (mobiliario básico, protocolos covid, sinalización etc.).

Programa	Territorio xogantín
Sector	Infancia (6 a 10 anos)
Difusión	Web do departamento e do Concello http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id_nova=19793&lg=gal
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Ofrecer un espazo de socialización en galego a través do xogo. • Contribuír ao coñecemento por parte dos nenos e nenas do patrimonio lingüístico vinculado ao xogo. • Achegar a lingua como complemento de servizos atractivos e útiles para as persoas usuarias. • Promover valores de solidariedade, igualdade e respecto polo medio. • Ampliar o coñecemento e o uso dos espazos públicos por parte dos nenos e nenas. • Fomentar a autonomía persoal dos nenos e nenas no espazo público
Descrición	<p>A actividade pretende animar os nenos e nenas a utilizar o espazo público para xogar do xeito máis libre posible e sen recursos especiais. Partindo dun punto de encontro fixo, durante dúas horas poñen en práctica as habilidades necesarias para xogar en grupo e ocupar o tempo de lecer de xeito divertido, san, participativo, solidario, respectuoso co medio e en galego, de cara a ser quen de divertirse e interactuar sen máquinas, xoguetes complexos ou grandes recursos.</p> <p>As monitoras actúan de facilitadoras, mais procurando sempre fomentar a iniciativa e a autonomía dos participantes. Ademais do seu papel de referentes do xogo procuran selo do uso da lingua galega, ao empregárenas de maneira constante, desprexuízada e coa calidade adecuada co fin de que tenda a convertese na lingua en que funciona o grupo e na que se establecen novas relacións entre os nenos e nenas.</p> <p>Procúrase tamén achegar coñecemento sobre o espazo no que se moven (parques de Belvís e Bonaval e zona histórica) e buscar a interacción coas persoas da contorna para ampliar a rede de socialización e a autonomía e seguridade dos nenos.</p>
Actividade 2020	<p>De luns a venres, desde o 3 de agosto ata o 4 de setembro incluídos. Un total de 25 días. Ofrecéronse 30 prazas en dous grupos de 15 nenos/as cada un, mais, debido á situación sanitaria, non se superaron os 10 participantes.</p> <p>O punto de encontro foi a praza do Oito de Marzo e empregouse como lugar de apoio para o caso de chuvia o Local Social da Caramoniña.</p> <p>As restricións da pandemia obrigaron a evitar a interacción con persoas alleas. Tamén se fixo inscrición previa a diferenza do sistema que se viña empregando outros anos e que intentaba gañar espontaneidade (non requiría reserva previa).</p>

Programa	Conto viaxeiro
Sector	Centros escolares de primaria (4º curso)
Difusión	http://contoviaxeiro.santiagodecompostela.gal http://delingua.santiagodecompostela.gal/o-conto-viaxeiro-incl%C3%BAe-propostas-para-xogar-e-aprender-na-casa
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Contribuír ao achegamento dos nenos e nenas ao patrimonio cultural material e inmaterial con especial atención ao vinculado ao patrimonio lingüístico. • Contribuír á mellora das habilidades expresivas, tanto no directamente relacionado coa oralidade e coa escrita como tamén ás artes plásticas. • Colaborar na mellora das actitudes lingüísticas a través do uso do galego como vehículo de experiencias positivas, da creación de contextos favorables e da reflexión directa a respecto dos prexuízos lingüísticos.
Descrición	<p>Cada un dos grupos-aula inscrito participa nun obradoiro de dúas sesións (dunha hora e media cada unha) para elaborar de xeito progresivo o texto e as ilustracións dun conto colectivo.</p> <p>A construción da parte correspondente do conto é o motivo para introducir os contidos e actitudes que se traballan. A construción do relato guíase con dinámicas participativas coas que se crean ocasións para practicar diferentes habilidades comunicativas, introducir información sobre o patrimonio cultural e realizar reflexións sobre o uso da lingua.</p> <p>Os materiais elaborados recóllense nunha bitácora onde se conta o avance da historia, se publican as creacións de todos os participantes e o conto final en formato dixital e en vídeo. Tamén se completa con propostas didácticas sobre os temas dos contos.</p> <p>O texto ilustrado final publícase tamén en papel, co fin de que cada participante teña un exemplar e de que estea tamén dispoñible nas bibliotecas dos centros.</p>
Actividade 2020	<p>A edición 2020 prevía introducir, por primeira vez, un tema predeterminado para o conto: o acoso lingüístico.</p> <p>A convocatoria quedou suspendida ao quedaren pechados os centros, malia o cal se incorporaron dous novos recursos ao blog, ao que se lle deu especial difusión no confinamento polas propostas didácticas e os materiais que inclúe, susceptibles de se empregaren desde a casa.</p>

Programa	Club de Debate
Sector	Mocidade / Centros de ensino de secundaria
Difusión	https://www.facebook.com/Club-de-debate-340173912683525/
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Promover o emprego da lingua galega na mocidade, especialmente o uso oral en contextos formais e informais. • Traballar no afondamento e no coñecemento dunha das habilidades sociais máis importante: a fluidez comunicativa, ligada á oratoria. • Incitar o pensamento crítico e analítico sobre temas de actualidade, deixando de lado os estereotipos da mocidade en canto intereses e preferencias. • Fomentar a diversidade de opinións, a tolerancia fronte a diferentes cuestións e o traballo en equipo
Descrición	<p>Organízase de xeito colaborativo con outros concellos (Ames, Ferrol, Narón, Negreira, Outes, Pontevedra, Redondela, Rianxo, Santiago e Teo en 2020).</p> <p>Pode participar alumnado de 3º e 4º da ESO e 1º de BACH organizado en equipos mixtos cun mínimo de catro membros.</p> <p>A actividade comeza cunha xornada formativa en cada zona, con todos os equipos inscritos, na que se detalla o regulamento de participación e se realizan exercicios prácticos sobre as destrezas que precisarían para os debates. Serve, ademais, como espazo de presentación e convivencia entre o alumnado e o profesorado inscrito.</p> <p>A seguir, os equipos, guiados polo profesorado responsable e co reforzo de preparadores externos adestran as súas habilidades comunicativas e seleccionan a argumentación para defender os temas propostos.</p> <p>A competición comeza propiamente co debate comarcal, cos equipos procedentes dos concellos da zona, do que se clasifican os dous que acoden á final.</p> <p>A final, que se organiza cada ano nun concello diferente, correspondeu en 2020 a Compostela.</p> <p>O programa remata co premio para o equipo gañador, deseñado para completar o cumprimento dos obxectivos. Consiste nunha viaxe e convivencia de tres días a un lugar onde poidan realizar actividades de tempo libre, de coñecemento da contorna natural e cultural e tamén onde poidan entrar en contacto con realidades lingüísticas diferentes da que viven de xeito cotián (zona asturiana de fala galega, norte de Portugal...) nun contexto guiado por monitores que ten como finalidade promover reflexións positivas a respecto do uso do galego.</p> <p>De todo o desenvolvemento vaise dando do conta a través das redes sociais.</p>

Actividade 2020	<p>Na edición 2020-2021 anotáronse en Compostela dous equipos de 1º de bacharelato do IES Antonio Fraguas, aos que se lles proporcionou apoio formativo dunha persoa experta en comunicación oral, externa ao centro.</p> <p>Asistiron, xunto con alumando de Teo e Ames á xornada conxunta que tivo lugar o 24 de xaneiro, de 9.30 a 13.30 no Centro Sociocultural do Milladoiro (Ames).</p> <p>A xornada de debate comarcal estaba previsto celebrala na Casa do Concello de Teo o 22 de abril e o tema elixido era: “A sociedade está condicionada por <i>influencers</i>”</p> <p>A xornada de debate final prevíase para o 16 de maio no Centro Sociocultural de Santa Marta, en Santiago, sobre o tema “O futuro do galego está e nós”</p> <p>Esta actividade tamén quedou suspendida pola pandemia antes de que se realizaran as xornadas dos debates.</p>
--------------------	--

Programa	Obradoiros de portugués
Sector	Infancia/Mocidade (+10 anos) / Centros de ensino
Difusión	Correo electrónico aos centros
Obxectivos	A finalidade desta actividade é mostrar ao alumnado que o galego é unha <u>entrada privilexiada</u> para acceder ao mundo en portugués e a nosa <u>vantaxe competitiva</u> no marco español e europeo.
Descrición	<p>Obradoiros de 100 minutos impartidos nos centros de ensino segundo o modelo elaborado pola Associação Galega da Língua, coa que se concertan:</p> <ul style="list-style-type: none"> • OPS! primario. O mundo do INHO • OPS! secundario. O Português Simples • Sabemos portugués (para grupos que xa asistiran antes a un OPS) <p>Ofrécense aos centros de ensino en quendas cun número máximo de obradoiros dispoñibles e coas solicitudes que formulan elabórase un calendario que é despois impartido polas persoas monitoras que envía a AGAL</p>
Actividade 2020	<p>No curso 2019-2020 realizouse unha primeira quenda de 20 obradoiros en outono pero xa non se convocaron os da quenda de primavera que estaban previstos polo peche dos centros.</p> <p>No curso 2020-2021 non se convocaron polas restricións á entrada nos centros de actividades e persoas externas.</p>

Programa	Enreguéifate
Sector	Poboación xeral / Centros de ensino
Difusión	www.enregueifate.gal https://www.youtube.com/c/Enregu%C3%A9ifate/videos http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id_nova=19391&lg=gal http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id_nova=19521&lg=gal http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id_nova=19669&lg=gal http://delingua.santiagodecompostela.gal/obradoiros-de-improvisaci%C3%B3n-oral http://delingua.santiagodecompostela.gal/abrimos-prazo-para-enviar-regueifas http://delingua.santiagodecompostela.gal/desv%C3%A9lanse-regueifas-ga%C3%B1adoras-na-iv-edici%C3%B3n-do-enregu%C3%A9ifate-0
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Divulgar o coñecemento da regueifa, especialmente entre a poboación xuvenil. • Achegar recursos e formación para facilitar á mocidade interesada a súa incorporación a esta forma de improvisación oral en verso. • Incentivar a práctica da regueifa. • Colaborar a que existan espazos nos que se practique a regueifa como forma de expresión, comunicación, participación e divertimento.
Descrición	<p>Organizado colaborativamente polos concellos de Ames, Pontevedra, Rianxo, Santiago de Compostela e Teo.</p> <p>Procura impulsar a práctica da regueifa como forma de improvisación oral en verso, e a través dela o uso da lingua galega, sumándose á rede de revitalización que desde hai anos se está producindo no ámbito escolar e asociativo, nomeadamente á Regueifesta, ás propostas de inclusión nos espazos educativos que encabezan os centros de Baio e Vila de Cruces e á asociación ORAL.</p> <p>Inclúe as seguintes accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Obradoiros de regueifa para centros de ensino, dirixidos principalmente aos niveis de 5º e 6º de primaria e 1º e 2º de ESO. • Convocatoria dun certame Enreguéifate para incentivar a práctica desta modalidade de improvisación nos centros de ensino e na poboación en xeral e invitar a compartir vídeos regueifando en galego. Estes vídeos divúlganse a través das redes sociais e poden ser recoñecidos coas valoracións de expertos dentro de varias categorías: regueifa máis brava, máis aguda, diversa, reivindicativa, mellor cantada e mellor falada. As recompensas, de carácter simbólico, consisten en regueifas (roscas doces) que se entregan no transcurso dun evento de clausura que serve tamén como mostra en directo de diferentes modalidades do repentismo.

- Mantemento dunha páxina **web** con información, acceso aos vídeos, procedementos para a inscrición e recursos didácticos, completada coa divulgación en redes sociais de todas as partes do proxecto.
- Creación de **recursos divulgativos e didácticos** sobre a regueifa.

Actividade
2020

Programáronse cos centros de ensino dez obradoiros entre o 25 de marzo e o 30 de abril:

IES Lamas de Abade
IES Antonio Fraguas
IES Eduardo Pondal
CEIP das Fontiñas
CEIP Arquitecto Casas Novoa
CEIP Apóstolo Santiago
CPR San Jorge

As restricións provocadas pola pandemia obrigaron a suspender as actividades presenciais e tanto a formación como o certame tiveron que cingirse aos soportes virtuais.

De maneira inmediata, o proxecto centrouse en xerar tutoriais para lograr a [producción dos vídeos para o certame nas condicións esixidas](#) pola corentena e en chamar a atención sobre un recurso útil para dinamizar e activar a socialización nas circunstancias do confinamento.

Malia todo, recibíronse 27 vídeos participantes, 16 na categoría escolar e 11 na xeral.

A gala final substituíuse por unha [presentación audiovisual](#) das regueifas gañadoras en cada categoría.

Programa	Youtubeir@s
Sector	Poboación xeral
Difusión	www.youtubeiras.gal https://www.youtube.com/channel/UCdqOTA4R7QcoOgZybZLaKDA http://delingua.santiagodecompostela.gal/novidades-na-convocatoria-dos-premios-youtubeirs-2020 http://delingua.santiagodecompostela.gal/participaci%C3%B3n-en-youtubeirs-2020-duplica-edici%C3%B3n-anterior http://delingua.santiagodecompostela.gal/co%C3%B1ecemos-decisi%C3%B3n-doxurado-de-youtubeirs-2020 http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id_nova=19498&lg=gal http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id_nova=19565&lg=gal http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id_nova=20131&lg=gal http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id_nova=20163&lg=gal
Obxectivos	<p>Incrementar o uso da lingua galega na produción e consumo de audiovisuais de uso cotián a través das plataformas virtuais máis usadas, cos seguintes obxectivos específicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Conseguir aumentar a dispoñibilidade de vídeos en galego, tanto titoriais como de opinión. • Difundir socialmente a oferta de audiovisuais en galego. • Facilitar que as persoas que habitualmente producen audiovisuais o fagan en galego. • Facilitar que persoas con habilidades ou coñecementos que poidan ser de interese para outras poidan compartilos en vídeos titoriais ou de opinión.
Descrición	<p>Organizado polos servizos de normalización lingüística dos concellos da Baña, Ames, Carballo, Ourense, Pontevedra, Ribadeo, Santiago, Teo e O Grove, as universidades da Coruña, Santiago e Vigo e da Deputación da Coruña.</p> <p>Pretende chegar ás persoas usuarias habituais das redes, que consomen e crean audiovisuais non profesionais, e tamén ás persoas susceptibles de crearen novos contidos para incentivar o uso do galego nestes espazos en todas as súas vertentes a través de varias liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Formación en diferentes modalidades, presencial e en liña, para fornecer recursos, habilidades e coñecementos que poidan animar a creación. • Certame de vídeos con recoñecementos para varias categorías (mellor canle, mellor vídeo, mellor youtubeir@, calidade lingüística, impacto, calidade técnica, comunicación, creatividade, musical, didáctico, pioneiro e premio do público. • Participación en encontros e festivais. • Sesións para o encontro e o reforzo da comunidade youtubeira.

- Difusión da produción e de referentes en galego a través das redes, dunha web e dos medios de comunicación tradicionais.
- Gala final

Actividade
2020

A convocatoria 2020 desenvolveuse totalmente no ámbito virtual.

A formación resolveuse coa publicación de **pílulas formativas** nas redes.

A **participación** no certame (536) superou en máis do dobre a edición anterior, de 113 autores, cunha consolidación da comunidade youtubeira (5.615 persoas participaron no voto do público).

As inscricións, por idades:

Maiores de 50 anos ao 2,5 % (máis baixa que os anos anteriores)

Entre 30 e 50, 38,8%

Entre 18 e 30, 49,7 %

Menores de 18, 9%

Santiago continúa entre as localidades con maior participación.

A gala final foi substituída por **entrevistas en liña** emitidas en directo polas canles do programa con finalistas e gañadores conducidas por Aldaolado (María Lado e Lucía Aldao).

Programa	Atopando Compostela
Sector	Poboación en xeral
Difusión	http://atopando.santiagodecompostela.gal
Obxectivos	Divulgar o coñecemento do territorio e da toponimia do termo municipal. Evidenciar o valor cultural da toponimia e promover a súa utilización e conservación.
Descrición	<p>En 2011 editouse un xogo educativo de mesa con base na toponimia compostelá, “Atopa Compostela”, deseñado co obxectivo de que os rapaces e rapazas (aproximadamente a partir dos 12 anos) e mesmo a poboación en xeral coñezan os nomes dos lugares do concello onde viven e, a través deles, amplían a súa información sobre a súa orixe e historia e sobre o rico patrimonio cultural material e inmaterial a que fan referencia, contribuíndo, deste xeito, ao prestixiamento e mantemento da lingua galega.</p> <p>Para facer accesible este material para calquera persoa e en calquera momento, en 2017 transformouse nun xogo en liña, cunha proposta didáctica para que poida ser empregado nos centros educativos ou noutros colectivos.</p>
Actividade 2020	Lembrouse a dispoñibilidade do xogo a través das redes sociais

Programa	Fotolingua
Sector	Poboación xeral / Empresas
Difusión	www.facebook.com/fotolingua compostela/
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Chamar a atención da cidadanía para que coñeza e valore os establecementos que se comprometen co uso da nosa lingua. • Facilitar que os establecementos comprobren a vantaxe competitiva que supón a escolla do galego e xerar así unha maior utilización en calquera tipo de soporte.
Descrición	<p>Fotolingua propón que o público suba imaxes da paisaxe comercial compostelá aos seus propios perfís nas redes sociais, coas etiquetas #fotolingua #establecementoengalego e #ogalegovende. As imaxes poden ser de escaparates, rotulación interna ou externa, carteis, etiquetas, sinalizadores, menús etc., e nelas, da maneira máis atractiva posible, deberá amosarse o uso do galego nun local concreto, que deberá identificarse e, se é posible, localizarse.</p> <p>Desde as páxinas do certame en Facebook e Instagram compártense as fotografías para que o público as poida votar, compartir ou comentar e sumarlles difusión.</p> <p>Ao remate do mes que dura a convocatoria, selecciónanse as dúas imaxes que mellor reflictan os obxectivos do concurso, que reciben un agasallo final. Tense en conta o alcance e a valoración das imaxes entre o público, ademais doutros aspectos como a capacidade comunicativa, relevancia, orixinalidade etc.</p> <p>Para lograr os obxectivos do programa ten especial importancia a campaña informativa que se organiza antes, durante e despois do período de participación. Con ela danse a coñecer as bases e a mecánica de participación, anímase o público a subir as súas imaxes, divúlganse exemplos, súmaselles difusión aos negocios que empregan o galego e póñense en evidencia argumentos en prol da lingua.</p>
Actividade 2020	<p>As datas habituais da convocatoria, en maio, mudáronse para xullo polas restricións sanitarias. O certame, malia procurar promoción para os negocios locais, viuse afectado, coma os seus destinatarios pola escasa actividade comercial e social.</p> <p>A divulgación nas redes procurou animarse con carteis agit-prop, infografía, pequenos vídeos con formato <i>stories</i>, algúns anuncios, maior interacción cos perfís de negocios en galego e dúas proposta novas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Sorteio entre quen lograse resolver a sopa de letras incluída no folleto. Participaron 21 persoas. O inicial consistía nun vale de compra de 100 euros ao que se sumaron outros sete de 20 euros.

- Desafiámoste a...nomear cinco negocios en galego para persoas usuarias das redes.

Editouse e distribuíuse material físico:

- 75 carteis A3.
- 500 unidades dun folleto
- 100 vinilos para escaparates
- 50 vinilos para a rúa

Visitáronse 100 negocios para explicarlles a dinámica da actividade e deixarlles o material divulgativo co fin de que animasen a clientela a participar con fotos dos seus establecementos

Logrouse unha participación de 26 imaxes. A gañadora segundo o criterio do público alcanzou 338 “gústame”.

Programa	Coidar para mellorar
Sector	Empresas
Difusión	http://coidarparamellorar.santiagodecompostela.gal http://delingua.santiagodecompostela.gal/node/148 http://delingua.santiagodecompostela.gal/node/188
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Facilitar a cada empresa un proxecto de mellora comunicativa formulado en galego e que incorpore a perspectiva de empregar a nosa lingua. • Transmitir ás empresas a argumentación que apoia a o uso do galego na comunicación comercial como un valor positivo e útil. • Fornecer recursos para a converxencia das empresas cara ao galego.
Descrición	<p>Programa anual de axudas integrado coas convocatorias do Departamento de Comercio, deseñado e xestionado conxuntamente.</p> <p>Inclúe:</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Cheques de consultoría (axudas en especie) que se traducen en asesoramento ás empresas beneficiarias sobre a súa situación comunicativa para propoñerlles accións de mellora e presentarlles as vantaxes de empregar o galego. ○ Subvencións a proxectos de mellora comunicativa en galego. ○ Campaña informativa sobre as convocatorias.
Actividade 2020	<p>Convocatoria de cheques de consultoría (BOP do 8/05/2020). Ofrecéronse 100 cheques totais, en seis modalidades, 17 deles para comunicación comercial. Presentáronse 10 solicitudes, que foron aprobadas inicialmente, mais só 5 completaron a documentación necesaria e, polo tanto, este foi o número dos definitivamente executados. O asesoramento foi prestado pola empresa Xurdir S.L.</p> <p>Convocatoria de subvencións para a mellora e innovación do comercio (BOP do 8/05/2020). A liña B da convocatoria, dedicada á comunicación comercial en galego, dotouse inicialmente con 15.000 euros. Pesentáronse 30 solicitudes, das que 4 foron rexeitadas por non reuniren requisitos, 18 foron aprobadas e o resto quedaron en agarda. Á vista das solicitudes formuladas ampliáronse os fondos ata 23.040 para cubrir as 25 que presentaron completa a documentación. Logo da fase de documentación e coa ampliación de fondos, aprobáronse 25 axudas. Lograron xustificar definitivamente 12 proxectos, que recibiron un importe total de 12.968,46 €.</p>

Programa	Galegoempresas
Sector	Empresas Poboación xeral
Difusión	http://galegoempresas.santiagodecompostela.gal
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Facilitar que o público coñeza e poida acceder á oferta empresarial en galego. • Recompensar o esforzo das empresas que usan a nosa lingua cunha maior difusión para contribuír a darlle maior rendemento e utilidade. • Contar con datos sobre o uso da lingua no sector.
Descrición	<p>Galegoempresas é unha plataforma que pretende facer máis visible a oferta en galego do sector empresarial compostelán.</p> <p>Para incorporarse á web, as empresas cobren un formulario de autodiagnose. Unha vez validados os datos, deben completar a información coa que se presentaren publicamente (logo, datos de contacto, descrición, imaxes, web, redes sociais). A partir dese momento, a súa ficha está dispoñible para o público cunha valoración da porcentaxe de uso do galego que ofrecen, desagregada por ámbitos.</p> <p>As persoas usuarias poden realizar buscas por localización xeográfica e por sector, ou atopar o establecemento directamente. Cando abran a ficha poden ver, ademais do detalle sobre os seus produtos ou servizos, a valoración resultado da diagnose sobre o uso da lingua.</p> <p>A web pon á man tamén algún recursos lingüísticos en liña e un pequeno argumentario a prol do uso do galego neste ámbito.</p>
Actividade 2020	En 2020 incorporáronse 13 novas empresas á base de datos.

Programa	Premios Manuel Beiras
Sector	Empresas
Difusión	www.premiosmanuelbeiras.gal http://delingua.santiagodecompostela.gal/conv%C3%B3canse-os-premios-manuel-beiras-2020 http://delingua.santiagodecompostela.gal/os-premios-manuel-beiras-2020-en-directo http://delingua.santiagodecompostela.gal/empresas-dos-premios-manuel-beiras-2020 http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id_nova=20099&lg=gal http://santiagodecompostela.gal/hoxe/nova.php?id_nova=20194&lg=gal
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> • Chamar a atención sobre as empresas que empregan o galego como parte do seu servizo e engadir valor a esta aposta fronte ao público potencial. • Achegar ao sector empresarial unha mensaxe positiva sobre o rendemento de utilizar o galego na súa comunicación.
Descrición	<p>O Premio Manuel Beiras ten un carácter simbólico coa finalidade de recoñecer e sumar difusión ás empresas que empregan o galego. Foi creado e mantense de xeito continuado desde o ano 2000 por acordo entre o Concello de Santiago e a Cámara de Comercio.</p> <p>Para invitar a que os propios negocios ou calquera outra persoa formule propostas de candidaturas, dar a coñecer as bases e transmitir os obxectivos do premio organízase unha campaña informativa cunha duración aproximada dun mes (novembro-décembro).</p> <p>O xurado, formado polas empresa premiadas o ano anterior, a SXPL da Xunta de Galicia, a USC, o Colexio de Xornalistas, unha asociación de consumidores e outra en defensa da lingua, ademais do Concello e a Cámara, escolle as empresas que se galardoa cada ano.</p> <p>Os premios entréganse nun acto público no que interveñen as dúas entidades organizadoras.</p>
Actividade 2020	<p>A convocatoria 2020 abriu unha nova etapa, logo de 20 anos de traxectoria, na que se pretende dar maior protagonismo ás empresas galardoadas e enfocar as campañas na mensaxe en prol do uso da lingua, unha vez que os premios xa alcanzaron un certo coñecemento. Renováronse as bases cunha nova categoría centrada na calidade e na eficacia comunicativa.</p> <p>Campaña: Pretendía transmitir que o galego pode ser un recurso estratéxico para os negocios, resumindo a idea no lema “O galego máis que unha rede. Conectados = visibles = estratéxicos”.</p>

Editáronse e distribuíronse 1700 unidades de tarxetóns-folleto para os establecementos e colocáronse 20 bandeirolas nas rúas, xestionáronse vídeos de presentación de candidatas, renovouse a web e realizáronse promocións en redes sociais.

Foi moi significativo o alcance logrado por algunha das pezas que se publicaron (24.600 visualizacións nun dos vídeos das empresas candidatas)

Candidaturas:

O xurado avaliou 42 candidaturas.

Evento de entrega de premios:

Celebrouse no Teatro Principal o 21 de decembro, co formato de gala adoptado na edición do vixésimo aniversario e cunha asistencia limitada polas restricións sanitarias. Foi emitida [en directo](#) polas redes sociais municipais.